


## O "PATRONATO SAN JOSÉ" CAPELA – ESCOLA SAN XOSÉ

Por Manuel Aldao Portas



O 15 de Agosto deste ano 2016 cómprese 60, da bendición da Capela de San Xosé. Para celebrar tal efemérides, percorreremos os documentos que recollen o nacemento da idea de crear unha capela – escola para Bueu, e mostran os pasos dados ata conseguila.


No relatorio dos datos atopados seguiremos a orde cronolóxica. Comentaremos os textos de xeito resumido do proceso e, nalgúns casos, transcribiremos literalmente algúns parágrafos, ou mesmo o escrito completo, cando se estime de interese.

### 11 de Maio do 1830

Esa idea de fundar unha capela – escola para Bueu, atopámola por primeira vez no testamento dun veciño deste municipio, emigrado en Arxentina que comeza así:

*"En el nombre de Dios Todo Poderoso y con su Santa gracia Amen; Sea notario como yo D. Estevan Ant<sup>o</sup> del Rio natural del Lugar de Meyro Parroquia de San Martín de Bueu, Jurisdicción de Cangas. Arzobispado de Santiago Provincia de Galicia En el Reyno de España" [.....]*

Despois dunha longa exposición das súas crenzas relixiosas, disposicións mortuorias etc., continúa o testamento describindo a relación dos seus bens e manifesta:




*[....] Declaro que es mi voluntad que mis dos Esclavos José y María queden libres despues de mi fallecimiento, encargo a mi Albacea les otorgue en este caso su respectiva carta de libertad Entregandoles además todos los muebles y Ropas de mi uso Aperos de Labranza y Cincuenta pesos a cada uno [....]Es mi voluntad que mi Alvacea Reduciendo todo a moneda Metálica establezca y funde con todas las seguridades que exija la Ley. Yo quiero tres Establecimientos a perpetuidad en el lugar de mi nacimiento La Aldea de Meyro siendo el principal una Escuela de primeras Letras; En segundo un facultativo Médico para asistir de gratis a todos los enfermos pobres de la Feligresía y ademas que exijan su asistencia, y el tercero una capellanía Eclesiástica con la pensión de decir un a Misa resada todos los días festivos y de misa. Acuyas instituciones mi Alba-*

*ceca Aplicará los fondos que crea suficiente para llenar a cada una de ellas las Exijencias de la Institución y satisfacer debidamente las necesidades de los individuos que las sirban, en la intelijencia que así para el patronato Como para el nombramiento de los sujetos seran llamados mis pareientes prefiriendo la linea masculina a la femenina y no los abiendo se hará el nombramiento por el Cura del Lugar y el Juez territorial y dos vecinos en representación [....] así lo, otorgo por ante el presente escribano público de numero de esta ciudad de Buenos Aires a Once de Mayo de mil Ocho cientos treinta [....] Antemi Marcos Leonardo Agrelo Escribano público.(sic) [Cotinuará]*

O "PATRONATO SAN JOSÉ"  
 CAPELA – ESCOLA SAN XOSÉ

Por Manuel Aldao Portas



Año do 1865



No ano 1865, o Concello de Bueu, reclama ante o Consulado de España en Bos Aires esta herdanza, pero sen resultado positivo, como queda constatado polo feito de que tres anos despois volve a reclamar por medio dun apoderado.

10 de Febreiro do 1868

Sendo Alcalde de Bueu, D. Manuel González Plá, reunido cos concelleiros, os principais contribuíntes do concello e o Señor Cura Párroco, D. Joaquín González, apoderan, para que representara ao Concello de Bueu, a Juan Benito del Río Rosales, natural de Moaña, e parente do legatario Esteban del Río Estévez, que se dispuña a desprazarse a Bos Aires para reclamar a parte da herdanza legada a José Antonio del Río. O apoderado comprometése a realizar as xestións de xeito altruísta. Tampouco nesta ocasión hai constancia de que frutificasen as xestións.

Tendo en conta os datos atopados, non habería que vincular esta malograda herdanza coa Capela - Escola de San Xosé, porque a nada achegou, mais como veremos no seu momento, nun pergamiño que conmemora a bendición da nova capela, o Patronato San José fai figurar a Esteván del Río no primeiro parágrafo, e por este feito, comezamos este relatorio na data do seu testamento.

8 de Maio do 1905



É nesta data, na Sesión Ordinaria do Pleno do Concello de Bueu, sendo Alcalde da Vila D. José Rodríguez Estévez, onde nace unha "Comisión" que como veremos, se converte, andando os anos, no "Patronato San José". Na acta de este Pleno lemos:

"Por el Sr. Presidente se expuso que como quiera que el Emmo. Sr. Cardenal Arzobispo de la Diocesis llega a esta villa el día de mañana para practicar la Santa Pastoral visita, se está en el caso de recibirlo con toda pompa ya por su calidad de jefe de la Iglesia ya también por la promesa que tiene hecha al municipio de fundar un Colegio Católico para estudiar no solo los principios de Religión Cristiana si que también enseñar lenguas y otras asignaturas para el orden Civil, y a cuyo fin debieramos reunir fondos del consistorio para el objeto. Enterado el Ayuntamiento y haciendo suyas las razones aludidas acordó de conformidad suscribirse con cincuenta pesetas para cuyo fin nombra una comisión compuesta de los Señores D. Miguel


Nogueira y D. Ricardo Gómez para que recauden los donativos de los vecinos del término y suscriban el oportuno libramiento que será librado por la ordenación de pagos con cargo al capítulo de imprevisos.

O cardeal que a Corporación e o pobo de Bueu esperaba con tanta ilusión e boato era Monseñor D. José Martín Herrera. Recolle a noticia o semanario "La Voz de Bueu" do 13 -5- 1905:

[...] "Nos visitó el martes pasado y lucio el sol con el brillo de verano. Actuó la banda de música de D. Cecilio de la Gándara. Serenata en el lado sur de la Iglesia. A las once de la noche se lanzaron cohetes de colores." [...]

## Ano 1909

Nestas datas ampliase aquela primeira Comisión Pro Capela Escola de San Xosé incorporándose a ela D. José López Díaz, D. José Cerqueiro Malvido e D. Antonio Nores, co cometido de recadar fondos, buscar sitio adecuado para o asentamento do complexo Escola - Capela e encargarse do proxecto. Non prosperaron estas xestións, toda vez que, non acadaron co lugar, os cartos recadados foron poucos e




No baixo deste edificio había atadores, e, nunha parte, no ano 1946, estableceuse un taller mecánico. Espazo que se convertería nun curtidoiro de peles cando cesou a actividade mecánica. Este local despois de ser mercado por Jesús Bernardes Pérez, derrubouse no ano 2000.

Alí establécese, provisionalmente, a Capela de San Xosé no ano 1909. Os domingos e festivos celebrábase misa, e dende o ano 1912, os días de semana, cerrábase o presbiterio cun biombo correxido, e o local convertíase en escola. Esta "provisionalidade" durou 47 anos.

En varias etapas o capelán exerce de mestre. O último en realizar tal cometido foi D. Desiderio Gradín Moreira, que imparte clases de latín aos alumnos da academia Fernández-Martínez dende mediados os anos 40, a principios dos 50. Uns anos máis tarde, D. Manuel Omil Estevez tamén utilizaría este local como escola.

O "Patronato San José, sen desaparecer de todo, foi perdendo actividade, ata quedar aletargado en 1931, coa chegada da II República. [Continuará]



non houbo acordo co proxecto.

Como o Cardeal cumprira asignando un capelán, o que si conseguiron foi que D. Antonio Nores e a súa esposa, Dona Carmen de la Rúa, lles cederan, para por en marcha este proxecto, de escola-capela, o andar primeiro, o que se subía por unhas escaleiras exteriores, dun local almacén que tiñan na praia de Pescadoira.



## O "PATRONATO SAN JOSÉ" CAPELA – ESCOLA SAN XOSÉ

Por Manuel Aldao Portas




### 10 de setembro do 1924

O compromiso do Cardeal Herrera de manter un capelán para atender as necesidades escolares e relixiosas na capela de San José na Praia de Bueu foi incumprido polos seus sucesores. Con data do 10 de setembro do 1924, hai un escrito dirixido ao Arcebispo de Santiago de Compostela polos veciños da Praia, queixándose de que levaban máis de dous anos sen sacerdote na capela da Praia.

A petición non foi atendida de inmediato, pois segundo a relación dos curas de Bueu que presenta José María Estévez en *(Reconocer Bueu)*, non houbo capelán na Praia ata 1930 en que chega D. José Suarez.

### 27 de setembro do 1946

Aparece un escrito que o Concello remite ao Gobernador Civil, como Presidente da Xunta Provincial de Beneficencia, recordándolle que en setembro de 1942, e en xuño do 1945, remitiran o mesmo escrito tratando o tema da Fundación Manuela Fraguas. Transcribimos o texto:



*"En 18 de septiembre de 1922, D. Francisco Nogueira Fraguas, dispuso a medio de testamento alógrafo, que se constituyera en esta Villa, una Fundación con el nombre de MANUELA FRAGUAS, dejando para ello la suma de 65.017 pesetas, 39 céntimos en metálico y el producto de la enajenación de bienes que poseía en esta localidad que ascendió a 3.200 pesetas.- Por Orden Ministerial de 18 de Marzo de 1931, se dispuso que este capital fuese convertido en una inscripción intransferible de la Deuda Perpetua Interior al 4% sin que hasta la fecha se tenga conocimiento del cumplimiento de tal disposición.- El Patronato designado por el testador, no llegó a constituirse. Habiéndose hecho cargo de la referida suma esa Junta Provincial de Beneficencia. En el año 1940 la Audiencia Territorial de la Coruña, instruyó sumario sobre supuesta malversación de fondos de dicha Fundación, sin que tampoco se conozca la resolución que pudiera haberse dictado. Y como el pueblo de Bueu viene perjudicándose al no ponerse en practica la voluntad del D. Francisco Nogueira, me dirijo a V.E. con el ruego de que se digne comunicar a esta Alcaldía, la situación de la aludida Fundación, y si con los fondos de la misma, es factible llevar a cabo alguno de los mandatos del testador, ya que con el capital mencionado no sería posible atenderlos todos".*

malversación de fondos de dicha Fundación, sin que tampoco se conozca la resolución que pudiera haberse dictado. Y como el pueblo de Bueu viene perjudicándose al no ponerse en practica la voluntad del D. Francisco Nogueira, me dirijo a V.E. con el ruego de que se digne comunicar a esta Alcaldía, la situación de la aludida Fundación, y si con los fondos de la misma, es factible llevar a cabo alguno de los mandatos del testador, ya que con el capital mencionado no sería posible atenderlos todos".

[Continuará]

## O "PATRONATO SAN JOSÉ" CAPELA – ESCOLA SAN JOSÉ

Por Manuel Aldao Portas

### 7 de outubro do 1946

Recíbese un escrito dirixido ao Concello de Bueu polos que manifestan ser:

*"únicos membros subsistentes del antiguo Patronato "Capilla Escuela de San José", acuden a ese dignísimo Ayuntamiento para manifestarle:"*

PRIMEIRO.- Recordan cal era o obxectivo desta fundación, e que, o local actual é insuficiente e carece das adecuadas condicións hixiénicas .

SEGUNDO.- Que as xestións que se estaban levando a cabo foran interrompidas no ano 1931.

TERCEIRO.- Que os vogais actuais son insuficientes e hai que darlle entrada a representantes do Concello, Instituto. Social da Mariña(ISM), e do Arcebispado.

CUARTO.- Sen cifrar, expoñen os medios económicos con que contan e as expectativas que teñen para levar a cabo a obra do Proxecto Escola – Capela San José.

Fondos pro capela depositados na Casa Massó Hermanos.

Fondos procedentes da manda testamentaria de dona Visitación Estrada.

Fondos da Fundación Manuela Fraguas, caso de terse resultados.

Doazón de Massó Hermanos, importe venda da fábrica " A Roiba".

Segunda doazón de Massó, caso de levarse a cabo a operación anterior.

Outros donativos en perspectiva.

QUINTO.- Manifestan ter en marcha o proxecto técnico, que presentarán no seu día.

SEXTO.- Din que de momento, mentres non se conte con achegas fixas e periódicas, poderíase comezar con 6 persoas para atender a 200 rapaces. Dan conta que a Casa Massó aportaría 6.000 pesetas anuais, en doce mensualidades, a partir da inauguración.

Reitéranse á disposición do Concello, ISM, e Arcebispado para seguir traballando.

### 2 de Novembro do 1946

Dona Carmen de la Rúa Catani envía unha carta ao Concello na que manifesta coñecer a renovada intención de levar a cabo a construción da Capela - Escola San José, e ofrece gratuitamente unha parcela de 2.300 m<sup>2</sup> en Silveiras-Canceliña, facendo constar que ditos terreos teñen que ser exclusivamente para este fin.



### 14 de Novembro do 1946

Na Sesión celebrada nesta data a Corporación agradece, a Dona Carmen de la Rúa Catani e o seu esposo D. José María Mora Ruiz, o ofrecemento dos terreos.

### 25 de Novembro do 1946


Rexístrase un informe da Comisión dándose por informada do ofrecemento dos terreos por Dona Carmen de la Rúa, e instando ao Concello a que xestione a adquisición das pequenas parcelas lindeiras que completarían o espazo necesario.

Insisten na necesidade de completar a Comisión, co-



mo xa o pediran, engadindo, agora, un membro máis en representación de Dona Carmen de la Rúa.

## 12 de Decembro do 1946



Dona Carmen de la Rúa nomea como seu representante no "Patronato San José" a D. Gaspar Masó García

O concello a D. Americo Otero Enero.

Massó Hermanos a D. Gaspar Masó García

O Arcebispa- do a D. Angel Rama Lestón, parroco de S. Martiño de Bueu

ISM a D. Gonzalo Torrente Piñón, Axudante da Mariña en Bueu

## 20 de Xullo do 1947

Acta de constitución do "Patronato San José" que quedou formado cos seguintes cargos:

Presidente: Alcalde de Bueu, D. José María Masó García

Vicepresidente: Sr. Cura Párroco de Bueu, D. Angel Rama Lestón

Tesoureiro: D. Gaspar Masó García

Secretario: D José Cerqueiro Malvido

Vogales: Axudante da Mariña, D. Gonzalo Torrente Piñón


2º Tenente de Alcalde, D. Américo Otero Enero

A primeira acción que emprendeu a flamante comisión, foi encargar un ambicioso proxecto , como se aprecia nos planos que mostran as imaxes.

## 9 de Novembro de 1948

O Padroado aproba o proxecto presentado polos arquitectos D. Francisco Castro e D. Pedro Alonso, e acorda remitir copia do mesmo ao Concello, para seguir os trámites correspondentes e cumprir o compromiso de adquirir as pequenas parcelas restantes.

Acorda tamén mandar copia a Confraría de Pescadores, para o seu coñece-




mento e divulgación, e que emita o correspondente informe.

## 23 de Xaneiro de 1948

O Cabido da Confraría remite escrito dando a aprobación ao proxecto: [...] *por entender que reúne inmejorables condiciones en el doble carácter de social y religioso [...]* El cofrade Daniel García, objeta, acerca de la posibilidad de la obtención de medios económicos para la obra".

O tempo, confirmaría que D. Daniel García Cao-Cordido, non ía desencamiñado, e que as súas reservas tiñan fundamento.

## 29 de Xaneiro do 1948




Na sesión do Concello de 29 de xaneiro de 1948 dáse aprobación o proxecto, acórdase sometelo a exposición pública durante 30 días e, cumprido o compromiso adquirido en 1946, iniciar os tramites para a expropiación dos terreos lindeiros a parcela doada por Dona Carmen de la Rúa.

Por non haber reclamacións en contra, aprobase definitivamente o proxecto e cursase copia á Comisión Sanitaria Provincial, que da a aprobación o 18 de maio.

[Continuará]

## O "PATRONATO SAN JOSÉ" CAPELA – ESCOLA SAN XOSÉ


Por Manuel Aldao Portas



### 2 de Outubro do 1948

MASSÓ HERMANOS S.A. notifica o Padroado mediante carta, que venderan a fábrica da Roiba o Sr. Abalo por un importe de 32.500 pesetas e que tiñan a disposición 65.000 pesetas, dado que se comprometeran a dobrar a cantidade da venda. Advirten que estes cartos son exclusivamente para inverter no proxecto da Capela – Escola, e o primeiro sería pagarlle os planos os arquitectos Sr. Alonso e Sr. Castro.

### Acta de Sesión do Padroado



Nesta Sesión agradecen ao Concello o feito de xestionar as expropiacións dos terreos que faltaban. Acordan instar a Dona Carmen de la Rúa a formalizar a doazón da parcela prometida. Autorizan ao Tesoureiro a reclamar ao Arcebispado a doazón de Visitación Estrada, dado que da Fundación Manuela Fraguas nada pode conseguirse. Acordan tamén mandar unha copia do proxecto ao Sr. Cura Párroco de Bueu, para que o remita o Superior Eclesiástico, co rogo da achega que estime conveniente, dado o rango das obras, que ascenden a 1.559.713,14 pesetas.

Deciden cursar escrito ao ISM, acompañado do proxecto, pedindo a execución da obra e ofrecéndolle gratis os terreos.

### 7 Outubro do 1948

Escrito dirixido ao Comisario Xeral do ISM, en Madrid, por D. José María Massó, en calidade de Alcalde do Concello de Bueu e Presidente do Patronato Pro-Capilla Escola de San José.


Neste escrito narra todo o proceso da Capela–Escola dende a súa orixe en 1909 ata o momento actual. Atópanse agora cun proxecto aprobado, que conta con todas as bendicións dos organismos interesados no tema, pero faltos de recursos para levalo a cabo. Ofrecen gratuitamente os terreos para construír a obra, "...ya que al Patronato queda la obligación de subvenir con sus exiguos fondos cualquier contingencia que pueda presentarse".

A partires deste ofrecemento ao ISM, os irmáns Massó, sobre todo Gaspar, porán gran empeño en sacar adiante o proxecto, utilizando toda a súa influencia e tocando a todas as súas amizades que puideran axudalos. De feito, na portada do expediente anunciando o contido leemos: "Labor de D. Gaspar Massó respecto al particular".

[Continuará]

## O "PATRONATO SAN JOSÉ" CAPELA – ESCOLA SAN XOSÉ

Por Manuel Aldao Portas



### 19 de Outubro do 1948

Recíbese resposta do Arcebispado dicindo que, para resolver este asunto había que esperar a coñecer a postura do ISM, a Comunidade Relixiosa que rexería o complexo e outros pormenores. Entre tanto quedaba arquivado en Secretaría.

Non hai constancia de que para esta obra, o Arcebispado dos seus propios fondos achegara unha peseta.

### 7 de Xaneiro do 1949

O I.S.M. por carta dirixida a D. Gaspar Massó comunica que o arquitecto de Instituto, D. Francisco de Echenique, poríase en contacto co arquitecto do proxecto, Sr. Alonso, para tratar algunhas reformas do mesmo. Ademais urxe a escritura de cesión dos terreos a nome do Instituto, desenvolve un planeamento do financiamento das obras, segundo o cal só 24% sería a un préstamo con intereses.

### 3 de Marzo do 1949

Acta de Sesión do Padroado na que se recollen as xestións levadas a cabo por D. Gaspar Massó en Madrid. Este manifesta atopar nos organismos oficiais, a intervir neste proxecto de vivendas para mariñeiros e escola – capela, moi boa acollida, e que o feito de estar as vivendas uns 500 metros separadas da escola-capela, que nun principio aparecía como un inconveniente tampouco ía a ser un problema.

Acordan agradecer o matrimonio de Dona Carmen de la Rúa e D. José María de Mora, a doazón definitiva dos terreos.

### 12 de Marzo do 1949

Escrito da Secretaría do Concello no que se relacionan os propietarios das parcelas expropiadas en Silveiras-Canceliña, que sumados os 2.300 m<sup>2</sup> doados gratuitamente, completan o espazo necesario para a capela-escola. Estes terreos foron mercados a 20 pesetas metro cadrado máis un 3% como prezo de afección.

<u>Propietarios</u>	<u>Metros</u>	<u>Pesetas</u>
Herederos de D. José Lópèz Miranda	841 m <sup>2</sup>	17.324,60
D. José Rey González	203 m <sup>2</sup>	4.181,80
Dna. Eugenia Domínguez Fernández	147 m <sup>2</sup>	3.028,20
Dna. Carmen Bon Rúa	72 m <sup>2</sup>	1.483,20
Herederos de D. Francisco Rúa Pazó	72 m <sup>2</sup>	1.483,20
D. Rogelio Rúa Martínez	72 m <sup>2</sup>	1.483,20
Totales	1.260 m <sup>2</sup>	28.984,20



**29 de Marzo do 1949**

O Concello , en substitución de D. Américo Otero Enero, nomea representante no "Patronato San José", a D. Salvador Lago Carballal.

**18 de Xullo do 1949**

Rexistrase ante o Notario de Marín, D. Hipólito Hermida Oubiña, escritura de cesión gratuita outorgada polo Concello de Bueu, a favor do ISM, dos terreos do Samugal na Banda do Río, con destino as vivendas de mariñeiros, e os de Silveiras-Canceliña, para a capela - escola.

**Xaneiro do 1951**

Copia do escrito que o Comisario Director do ISM dirixe o Director do Instituto Social da Vivenda (ISV), demandando a aprobación do proxecto das 50 vivendas, da nova valoración dos terreos, que segundo o Delegado do ISV, elévanse a 75.605 pesetas, e solicitando unha subvención de 500.000 pesetas para a capela-escola.

**5 de Xaneiro do 1951**

O ISM informa que o arquitecto Sr. Eche- nique entregou o novo estudio económico das vivendas e capela-escola, que se cursa ao INV, e requirindo de Gaspar Massó a interven- ción en Vivenda para acelerar o proceso, e sobre todo a concesión das 500.000 pese- tas de subvención.


**16 de Xaneiro do 1951**



D. Gaspar Massó en cumprimento da peti- ción do ISM escribe a D. Federico Mayo, Direc- tor do INV, urxíndolle a realización das xes- tións e reclamando as 500.000 pesetas prome- tidas a vez que ofrece a colaboración dos obreiros da Empresa Massó, especialmente no transporte dos materiais.

**26 de Xaneiro do 1951**


O ISM notifica que as obras foron adxudicada a empresa "Manuel Pérez Vega" de Asturias por un importe de 2.502.602 pesetas.



[Continuará]

## O "PATRONATO SAN JOSÉ" CAPELA – ESCOLA SAN XOSÉ

Por Manuel Aldao Portas



### 19 de Febreiro do 1952

D. Gaspar Massó recorre a D. José Solís Ruiz, Ministro Secretario Xeral do Movemento, queixándose de que, é " *desalentador que un día y otro veamos sin avanzar unas obras que son de capital importancia para la gente marinera deste puerto.*" e rogándolle que interveña en Vivenda para desatascar os tramites. Petición que ao parecer foi atendida, porque pensamos non sería por casualidade o feito de que unha semana despois houbera resposta e favorable.

### 26 de Febreiro do 1952

O INV comunica ao Alcalde de Bueu, que estaba entregado na intervención Xeral da Administración Xeral do Estado o expediente para a autorización do gasto con destino a escola-capela da vila.

### 5 de Marzo do 1952

D. Ignacio Uriarte Director do ISM escribe a D. Gaspar Massó, facéndolle saber que o Expediente pasou a Facenda, que alí depende de D. Celedonio Carrasco, Intervención Xeral do Estado. Aconséllao que busque apoios para acelerar o proceso.

### 14 de Marzo do 1952



Na copia da carta que D. Celedonio Carrasco Interventor Xeral da Administración do Estado, dirixe a D. Asdrubal Ferreiro Cid, Director Xeral de Contribucións Usos e Consumos podemos ler o seguinte texto:

*"Mi querido, amigo y Jefe:*

*Me es muy grato comunicarle que el expediente de construcción de viviendas y escuela en Bueu (Pontevedra), por el que tanto se interesaba, ha sido remitido hoy, con informe favorable, al Instituto Nacional de la Vivienda."*

D. Asdrubal Ferreiro comunicara, en correspondencia con Gaspar Massó, a súa intervención para acelerar o expediente en Intervención do Estado.

### 27 de Marzo do 1952

O ISM informa a través de carta a Gaspar Massó, que o INV autoriza o aumento do presuposto a 3.315.505,91 pesetas, e concede prima de 543.636,88 pesetas as 44 vivendas do tipo A, cuxo presuposto era inferior a 44.000 pesetas. Nesta mesma carta advirten, que segundo o Contratista, as obras darán comezo a mediados de abril e que rematarán en 18 meses.

### 19 de Agosto do 1953



Con esta data atopamos unha carta do Director do ISM D. Ignacio Uriarte remitida a D. Gaspar Massó, da que transcribimos o seguinte parágrafo por consideralo de especial interes:

[...] " Nada se dice en la circular sobre la amortización de la escuela, cuyo 10% inicial tendrá que dar la Cofradía.- Mejor dicho, veo que se habla de escuelas completamente gratuitas, por lo que le estimaré me diga

como piensan financiarlas y amortizarlas.- Por mediación de I.S.M. se facilita el 90% durante cuarenta años.-"

En estas datas xa empezan a aparecer as incertezas de quen e como, se ía a financiar a parte de obra correspondente a capela-escola.

**3 de setembro do 1953**

Copia dunha carta que D. Ignacio Uriarte dirixe a D. Gaspar Massó, e que comenza así: "Recibo su atta. y documentada carta del 26 de agosto último, contestación a la mía del 19".

Lamentamos a falta desa "documentada carta", porque coñeceríamos os argumentos expostos por D. Gaspar para financiar as obras da capela-escola, e que o parecer, tranquilizaron ao Sr. Uriarte.

Nesa carta debeuse tamén propoñer a posibilidade da conversión de certas aulas en capela os días festivos, porque lle advirte, que ademais de pedir o permiso ao Arcebispo, ten que presentar un pequeno anteproxecto para esas reformas. Supoñemos que se




esta a referir o proxecto xa reformado polo arquitecto de ISM Sr. Echenique., porque hoxe está constatado que a obra realizada quedou moi lonxe do proxecto inicial que fora encargado polo "Patronato San José" aos arquitectos Francisco Castro e Pedro Alonso e aprobado no Concello de Bueu e demais organismos

**9 de novembro do 1953**

Recíbese oficio da OBRA SOCIAL DEL MOVIMIENTO notificando a concesión dunha subvención de 196.000 pesetas, para a Escola-Capela de Pescadores.

Entre algunhas condicións que impoñen figura esta:

"Estas obras llevarán , en lugar claro y visible, el YUGO y las FLECHAS, emblema del Movimiento y la inscripción "Obra Social del Movimiento o Bajo la éjida del Caudillo Francisco Franco".(sic)



[Continuará]

## O "PATRONATO SAN JOSÉ" CAPELA – ESCOLA SAN XOSÉ

Por Manuel Aldao Portas

**9 de Marzo do 1954**

O ISM informa ao arquitecto Sr. De Chenique do escrito remitido polo Concello de Bueu e "Patronato San José", co seguinte texto:

*" Con fecha de 8 del corriente se recibe en esta Sección oficio del Alcalde Presidente del Ayuntamiento de Bueu y del Patronato San José de aquella localidad del tenor siguiente":*

*" Recibida su comunicación de 9 del actual, trasladando el contenido de otra de la Sección de Viviendas Protegidas, dirigida al Arquitecto Sr. De Chenique cúmpleme manifestarle que este Patronato San José que presido, estima conveniente la adaptación de las aulas de las escuelas para pescadores en el punto conocido por "Silveiras" para transformar en Capilla los días festivos, mediante correderas u otro procedimiento adecuado; haciéndose cargo este Patronato de los gastos del aumento de la obra que ocasione la adaptación, previa indicación del importe del oportuno presupuesto, ya que no es posible levantar la capilla incluida en el proyecto de 50 viviendas y escuelas".*


*Lo que le comunico para su conocimiento y para que se sirva remitir a este Organismo, en la mayor brevedad posible, el estudio, técnico y económico o presupuesto de la adaptación de las escuelas a Capilla para su remisión al Alcalde de Bueu"*

Inquietante escrito, porque nel recoñécese, oficialmente, a incapacidade de levar a cabo o soño daquel gran proxecto aprobado, de escolas para 500 alumnos, esplendorosa capela, e vivenda para a comunidade relixiosa que impartiría a ensinanza. Frustrante, polo que supón renunciar, en gran medida, a anos de traballo e esforzo.

A inquietude prodúcese naquelas datas, e rapidamente foi sosegada polo desenvolvemento das obras, porque a realidade é moi distinta da que podía deducirse do citado escrito. Con total independencia das aulas escolares, existe unha capela digna, de xeito rectangular, con unha superficie útil de 189 m<sup>2</sup>. Certo que non goza da magnificencia que tiña o proxecto por encargo do Padroado, pero cubre con dignidade os servizos de culto relixioso que se esperaba dela. Nunha larga primeira etapa desde a inauguración, sobre todo no ver-

rán, quedábase pequena, e nunha das aulas da ala dereita, na parede que a separa da capela, practícase unha ampla fiestra da que se dominaba o altar, e permitía oír misa tamén dende a aula.

Como as raíces desta capela proveñen da "Capela Vella", do barrio de pescadores, na construción e ornamentación, procuraron rememorar as orixes. O baixo teito presenta a armazón descuberta semellando as cadernas dun barco; na parede que marca o inicio do presbiterio colocaran dous faroles, un verde e outro vermello, imitando as luces de situación dos barcos, hoxe hai dous focos led que bañan de luz o presbiterio. A iluminación natural recíbea através de oito vidreiras que amosan pasaxes mariñeiros na vida de Xesús: *"Escenas marineras reproducidas fielmente de la famosa Biblia Phelipe San Miguel, del 1709"*. Lemos nunha carta que Gaspar Massó escribe a D. Ramón Laporta Comisario Nacional do Paro. Outro detalle que evoca a esa connotación mariñeira é o ambón metálico que semella unha áncora.



[Continuará]

## O "PATRONATO SAN JOSÉ" CAPELA – ESCOLA SAN XOSÉ

Por Manuel Aldao Portas

### 7 de Abril do 1954

D. Gaspar Massó recibe do ISM un novo escrito onde volven a insistir na separación, tanto das obras como das amortizacións, no que atinxe ás vivendas do correspondente á capela-escola.

### 15 de Setembro do 1954

En Oficio do 15 de setembro a Confraría reclama ao Concello de Bueu, as 196.000 pesetas da subvención outorgada pola Obra Social do Movemento.

### 18 de Xullo do 1956

Lévase a cabo a entrega oficial das obras, coa presenza no acto do Sr. Gobernador Civil da Provincia, D. Rafael Fernández, Sr. Alcalde de Bueu D. José María Massó e o Sr. Delegado Provincial do ISM D. Servando G. Aller de la Vallina

### 6 de Agosto do 1956



O Arcebispado autoriza ao Sr. Cura Párroco de San Martiño de Bueu, para o traslado do culto da "Capela Vella" a de nova construción.

*"En atención al deterioro del local que venía usándose como Capilla de la Playa de Bueu y a que se ha dado fin a las obras de fábrica de la nueva Capilla, comisionamos a V. para : a) trasladar el culto a la nueva Capilla, bendiciéndola previa y provisionalmente co "benedictione loci"; b) trasladar a esta*

*nueva Capilla el mobiliario existente en el antiguo local, pudiendo destinar a la Iglesia parroquial los bancos y demás mobiliario que no haya de usarse en aquella; y c) entregar las llaves del viejo, local a la propietaria del mismo, testimoniándole al mismo tiempo la gratitud de la, Iglesia por su generosidad."*


### 15 de Agosto do 1956

O quince de agosto do ano mil novecentos cincuenta e seis, consagra a capela o Sr. Cura Párroco de San Martiño de Bueu D. Angel Rama Lestón, e oficia a primeira misa o coadxutor D. Desiderio Gradín Moreira.

### 23 de agosto do 1956

Cumprindo o disposto polo Sr. Arcebispo, o Sr. Cura Párroco de Bueu cursa a seguinte carta que, por cerrar unha etapa de medio século, transcribimos literalmente:

*"El que tiene el honor de suscribir, Cura párroco de la villa S. Martín de Bueu, se complace en poder participarle que, habiendo sido trasladado a la nueva "Capilla - Escuela de San José" el mobiliario y culto que venía celebrándose en la hasta ahora "Capilla - salón de S. José", el Excmo. Y Rvdmo. Sr. Obispo Auxiliar del Emmo. Sr. Car-*



denal – Arzobispo de Santiago Dr. D. Fernando Quiroga Palacios, y Vicario General de esta Archidiócesis de Santiago de Compostela, en las letras de la Comisión con que se ha dignado honrarme para realizar dicho traslado, dispone en el apartado c) lo siguiente: "entregar las llaves del viejo local a la propietaria del mismo, testimoniándole al mismo tiempo la gratitud de la Iglesia por su generosidad".

Por mi parte, al cumplir gustoso este superior mandato de S. E. Rvdma. me congratulo poder hacerle entrega de las llaves de referencia por mediación de su diligente representante en el seno del "Patronato pro Capilla – Escuela de S. José" D. Gaspar Massó García, a fin de que, por parte del compromiso heredado, con la Iglesia, pueda V. Entrar en la libre posesión del antiguo local de la "Capilla – salón escuela de S. José de la Playa de Bueu", que el recordado y benemérito D. Antonio Nores-q.e.p.d.- hubo de poner en su día a disposición de la primitiva fundación de dicha Escuela – Capilla, y que V. con el mismo desinterés y agrado, tuvo la delicadeza de permitir se viniese usando hasta la fecha para los mismos fines religiosos y culturales.

Por todo lo cual, incluyendo la valiosa donación que V. misma ha tenido la bondad de hacer a favor del solar-emplazamiento de la nueva "Capilla – Escuela de S. José de la Playa de Bueu" creo interpretar los sentimientos de mi superior, significándole que en esta nueva Capilla, la Iglesia y estos buenos vecinos, habrán de perpetuar su benéfico recuerdo con súplicas de gratitud, pidiendo al Señor les premie con sus gracias las generosidades por la gloria de Dios y cultura del pueblo.

Dios guarde a V. muchos años.

**23 Agosto do 1956**



Dispoñemos dos locais de Capela e Escola, pero agora hai que buscar capelán, e de novo D. Gaspar Massó recorre as altas esferas do clero. Con esta data, escribe a D. Benito Espiño Arceo, Canónico Tesoureiro do Arcebispado de Santiago de Compostela e dille o seguinte: Que lle indique como facer efectivas as 6.000 pesetas anuais que a Empresa Massó se comprometera dar, a razón de 500 pesetas mensuais, para sostemento do culto, a partires da inauguración.


Ratifícase no ofrecemento dunha vivenda, sen estrear, para o novo capelán e indica as características e calidades que deba reunir o designado para o cargo.

"Es preferible mas bien persona joven con brios para acometer aquí una discreta campaña moralizadora y social, empezando por la cataquesis.

No se si será mucha exigencia pedirle a Ud. Un capellán más socialista que fraile, y más deportivo que místico.

Lo mismo puede organizar excursiones obreras de verano, que coros de voces entre estos trabajadores."

[Continuará]





## O "PATRONATO SAN JOSÉ" CAPELA – ESCOLA SAN XOSÉ

Por Manuel Aldao Portas

**29 de Xaneiro do 1957**

Con esta data atopamos unha carta de D. Gaspar Massó dirixida a D. Angel Rama Lestón, comentando entre outros asuntos, a lenda do pergamiño que resume o proceso dende a orixe ata inauguración da Capela. Transcribimos un dos parágrafos da carta:

*"Me sorprende que haya tachado Vd. el párrafo que le atañe. Aún respetando su modestia, me permito indicar que estos hechos absolutamente veraces, se destinan a darlos a conocer a la posteridad, tal como han sucedido. Cualquier omisión de esta autenticidad, puede ocasionar interpretaciones o confusionismos a evitar. Mi opinión la comparten otras personas sensatas y ponderadas. Y despues de todo, es Vd. nuestro Párroco en estas efemérides, como es su capellán D. Desiderio. ¿ Como vamos a borrar tal testimonio, contra la evidencia?"*



Deducimos que D. Angel reconsiderou a súa postura, dado que el e D. Desiderio, constan no pergamiño. Noutro parágrafo, da mesma carta, laiase de que aínda no acadaran co capelán axeitado, e engade, que se non fosen tan esixentes seguro que xa o terían, pero o querelo socialista, deportista e musicólogo, aínda non atoparan ese merlo branco.

**Ano 1957**

No transcurso deste ano chega a Bueu o capelán esperado, D. Jaime García Rodríguez, moi ben acollido por todos.

[Continuará]

## D. Jaime García Rodríguez—In Memoriam

Aproveitamos a ocasión para recordar a Don Jaime que faleceu no 24 de novembro de 2009 en Compostela. Nado en Negreira o 21 de xullo de 1929, ordeado sacerdote no ano 1957, e tendo como primeiro destino a parroquia de Bueu. Reproducimos aquí a nota necrolóxica aparecida na revista "Peregrino" dos Amigos do Camiño de Santiago no seu número de decembro do 2009.



El pasado 24 de noviembre fallecía en su casa de Santiago de Compostela Jaime García Rodríguez,

Canónigo Delegado de Peregrinaciones hasta el año 2004 y creador y primer director de la Oficina de Atención al Peregrino de la Catedral de Santiago. Don Jaime (así era comúnmente conocido) estuvo muy unido al ámbito asociativo jacobeo desde los tiempos del I Congreso de Jaca en 1987, en el cual participó como representante de la catedral compostelana, más aún cuando al poco tiempo fue nombrado canónigo-delegado con la misión de preparar la acogida de peregrinos en el Año Santo de 1993 y recuperar la entonces casi desaparecida Archicofradía Universal del Apóstol. Con gran espíritu de trabajo y

abnegación Don Jaime ejerció su función hasta el Año Santo de 2004, cuando un derrame cerebral lo apartó de su tan querido servicio pastoral y jacobeo. Desde la Federación nuestro más sentido pésame a su familia y cabildo compostelano!


**SANTIAGO**  
**Fallece Jaime García Rodríguez**

O "PATRONATO SAN JOSÉ"  
 CAPELA – ESCOLA SAN XOSÉ

Por Manuel Aldao Portas

**29 de Xaneiro do 1957**

Con esta data atopamos unha carta de D. Gaspar Massó dirixida a D. Angel Rama Lestón, comentando entre outros asuntos, a lenda do pergamiño que resume o proceso dende a orixe ata inauguración da Capela. Transcribimos un dos parágrafos da carta:



*"Me sorprende que haya tachado Vd. el párrafo que le atañe. Aún respetando su modestia, me permito indicar que estos hechos absolutamente veraces, se destinan a darlos a conocer a la posteridad, tal como han sucedido. Cualquier omisión de esta autenticidad, puede ocasionar interpretaciones o confusionismos a evitar. Mi opinión la comparten otras personas sensatas y ponderadas. Y despues de todo, es Vd. nuestro Párroco en estas efemérides, como es su capellán D. Desiderio. ¿ Como vamos a borrar tal testimonio, contra la evidencia?."*



Deducimos que D. Angel reconsiderou a súa postura, dado que el e D. Desiderio, constan no pergamiño. Noutro parágrafo, da mesma carta, laiase de que aínda no acadaran co capelán axeitado, e engade, que se non fosen tan esixentes seguro que xa o terían, pero o querelo socialista, deportista e musicólogo, aínda non atoparan ese merlo branco.

**Ano 1957**

No transcurso deste ano chega a Bueu o capelán esperado, D. Jaime García Rodríguez, moi ben acollido por todos.

[Continuará]

**D. Jaime García Rodríguez—In Memoriam**

Aproveitamos a ocasión para recordar a Don Jaime que faleceu no 24 de novembro de 2009 en Compostela. Nado en Negreira o 21 de xullo de 1929, ordeado sacerdote no ano 1957, e tendo como primeiro destino a parroquia de Bueu. Reproducimos aquí a nota necrolóxica aparecida na revista "Peregrino" dos Amigos do Camiño de Santiago no seu número de decembro do 2009.



El pasado 24 de noviembre fallecía en su casa de Santiago de Compostela Jaime García Rodríguez, Canónigo Delegado de Peregrinaciones hasta el año 2004 y creador y primer director de la Oficina de Atención al Peregrino de la Catedral de Santiago. Don Jaime (así era comúnmente conocido) estuvo muy unido al ámbito asociativo jacobeo desde los tiempos del I Congreso de Jaca en 1987, en el cual participó como representante de la catedral compostelana, más aún cuando al poco tiempo fue nombrado canónigo-delegado con la misión de preparar la acogida de peregrinos en el Año Santo de 1993 y recuperar la entonces casi desaparecida Archicofradía Universal del Apóstol. Con gran espíritu de trabajo y



abnegación Don Jaime ejerció su función hasta el Año Santo de 2004, cuando un derrame cerebral lo apartó de su tan querido servicio pastoral y jacobeo. ¡Desde la Federación nuestro más sentido pésame a su familia y cabildo compostelano!



## O "PATRONATO SAN JOSÉ" CAPELA – ESCOLA SAN XOSÉ

Por Manuel Aldao Portas



### 17 de Marzo do 1957

Como en toda igrexa ou capela que se prece, non podía faltar ese cruceiro que cristianiza o recinto. O que está asentado ao carón da Capela de Sa Xosé é obra do canteiro Lino Monteagudo Fontán, natural de Xeve. Un cruceiro de boa labra, con pedestal cúbico, mastro octogonal e capitel corintio con follas de acanto e volutas, o ábaco é cuadrangular con esquinas mortas e lados cóncavos. A cruz, é latina cos "madeiros" cilíndricos, presenta no fronte a Xesús crucificado cos brazo horizontais, paralelos cos da cruz, mans cos dedos dobrados, deixando ver os cravos, o pé dereito sobre o esquerdo, cravados ámbolos dous cun só cravo. A cabeza con coroa de espiños, está ladeada sobre o ombreiro dereito. Amosa certo estudo anatómico. Era un ha imaxe fermosa, os ritos da súa face, coa boca entreaberta, parecía que nos quería falar. Referímonos a el en pasado, porque lamentablemente, como se ve nas fotografías, nun acto vandálico foi arrincado da cruz e roubado. No reverso da cruz ten a Virxe do Carme co Neno no colo, o que tamén lle romperon a cabeza e desapareceu.



A cruz, é latina cos "madeiros" cilíndricos, presenta no fronte a Xesús crucificado cos brazo horizontais, paralelos cos da cruz, mans cos dedos dobrados, deixando ver os cravos, o pé dereito sobre o esquerdo, cravados ámbolos dous cun só cravo. A cabeza con coroa de espiños, está ladeada sobre o ombreiro dereito. Amosa certo estudo anatómico. Era un ha imaxe fermosa, os ritos da súa face, coa boca entreaberta, parecía que nos quería falar. Referímonos a el en pasado, porque lamentablemente, como se ve nas fotografías, nun acto vandálico foi arrincado da cruz e roubado. No reverso da cruz ten a Virxe do Carme co Neno no colo, o que tamén lle romperon a cabeza e desapareceu.

### 31 de xaneiro de 1958

D. Benito Espiño Arceo certifica as condicións do depósito no Arcebispado dos fondos da manda testamentaria de Dona Visitación Estrada.

### 1 de Febreiro de 1958

D. Gaspar Massó escribe unha carta a D. Benito Espiño, tesoureiro do Arcebispado. Nela insiste na reclamación dos fondos da manda testamentaria de Dona Visitación Estrada Galup, e nun dos parágrafos deixa caer:



" [...] Si usted lo juzga necesario, le visitaría una comisión de vecinos feligreses con el Ayuntamiento, para acelerar el "modus operandi" poniendo en marcha estas cosas, saludando, además a nuestro Prelado. Lo que no puede ser es que se duerman estos asuntos, en general descrédito. [...]"

Felicítao polo acerto do capelán asignado, D. Jaime García Rodríguez, e comenta que o Concello estase a ocupar de preparar as escolas, e maniféstalle que:

" La gente pide la concesión de Reserva permanente en el nuevo, y magnifico sagrario regalado por unas buenas almas."


### Setembro do 1958

No curso escolar 1958/1959, a escola de Orientación Marítima Pesqueira da Banda do Río, da que era mestre D. Manuel Aboy Gándara, trasladouse para unha das aulas da ala esquerda do novo edificio. Estiveron nestes locais ata o curso 1971 / 1972, en que se inaugura o Grupo Esco-



lar da Pedra e vanse para alí.

Ano 1959



A permanencia de D. Jaime García en Bueu foi curta, pois en 1959 é substituído por D. Santiago García Sumay, que tamén ti-  
vounha estancia de só tres anos.

19 de Agosto do 1959

O Sr. Cura Párroco de San Martiño de Bueu recibe o Decreto emitido polo Cardeal Arcebispo, coa resolución da manda testam-  
entaria de Dona Visitación Estrada, recoñecendo o depósito de 74.000 pesetas na Caixa Diocesana, e que a vontade da señora, era que se inverteran na parroquia de San Martiño de Bueu, a poder ser, no barrio de pescadores, e en beneficio dos mesmos. Polo tanto resolve, que os intereses deste capital, xerados a partires do 23 de Xuño de 1956, se destinen a adquisición de orna-  
mentos e utensilios sagrados para capela de San Xosé, sita na Praia de Bueu.

Noutro apartado di:


[...]” Que, provisionalmente, y en tanto no resolvamos otra cosa, los intereses del expresado capital, a partir de esta fecha, sean divididos en dos partes iguales, de las cuales una se entregará, en concepto de remuneración, al sacerdote por Nos encargado (designado) para la enseñanza religiosa en la mencionada Capilla y escuelas anexas; y la parte restante se destinará por dicho sacerdote a los gastos de culto en la misma Capilla. [...]

Decreto remitido ao Sr. Cura Párroco de San Martiño de Bueu.

5 de Maio do 1960

Temos constancia dun escrito dirixido ao Concello de Bueu, rendido conta pormenori-  
zada dos gastos sufragados pola Casa Massó, durante os anos de desenvolvemento das obras da Capela – Escola San José, co nome dos perceptores, detalle dos materias em-  
pregados e do mobiliario e obxectos adquiridos, que suman 219.344,48 pesetas.

Significase na nota que Massó se comprometera doar o dobre do importe que se obtivese pola venda da fábrica “A Roiba, en este caso 65.000 Pesetas, as que habería que sumar 6.014,15 pesetas , depósito do “Patronato San José” na casa Massó. Informa que a subvención de 500 pesetas mensuais prometidas para o capelán, se elevaron a 750 pesetas, máis casa e electricidade. Remata a nota dando por finalizadas as actuacións do “Patronato San José”.



1 de setembro do 1961

O Arcebispo emite un Decreto autorizando a reserva do Santísimo na Capela de San José durante un mes.

11 de setembro do 1961

Como o tempo concedido era, moi curto redacta un novo decreto:

[....] damos Nuestro permiso para que, por el tiempo de CINCO AÑOS, se pueda tener RESERVADA LA SANTÍSIMA EUCARISTÍA, en la Capilla titulada de SAN JOSÉ, sita en la parroquia de San Martín de BUEU, [...]

[Continuará]

## O "PATRONATO SAN JOSÉ" CAPELA – ESCOLA SAN XOSÉ

Por Manuel Aldao Portas

### Ano 1962

En este ano asume o cargo da Capela de San José o sacerdote D. José Pena Collazo, natural da veciña parroquia de Meira ( Moaña ). Identificouse perfectamente coa xente de Bueu desenvolvendo, tanto no ámbito da Capela como na parroquia en xeral, unha gran labor.



Con D. José Pena iniciase na Capela unha etapa de grande actividade, tanto no aspecto relixioso, con misa tódolos días, novenas, organización de primeiras comuñóns etc., como na convocatoria dos rapaces e da xuventude. Como non resultou deportista pero si musicólogo, como o pedía D. Gaspar, organizou o "Coro San José" que agrupaba un número importante de xente moza. As aulas da nave da dereita da capela que non eran utilizadas para a ensinanza, usábanse como local de Acción Católica e como punto de encontro. Era unha sala de xogos con mesas de pimpón, taboleiros de xadrez e damas, ensaiaban obras de teatro, organizaban as excursións, etc.

Polo Nadal montaban un, daquela, extraordinario Belén con ríos de auga corrente, e, xogando coa luz, provocaban o día e a noite, contaban para este montaxe coa colaboración de Manuel Portela Martínez, técnico electricista de Massó. Minguada esa forza dos primeiros lustros foi decrecendo a actividade, deixouse de dicir misa tódolos días, para oficiar só sábados e domingos.

### 30 de Agosto de 1962


A Confraría envía ao Sr. Alcalde do Concello de Bueu un escrito dando conta dun comunicado remitido polo ISM que di:

*" La cuota de amortización del grupo escolar, anejo a las 50 viviendas, no ha sido abonada ni por la Cofradía ni por los Hermanos Massó, arrojando un saldo contrario en el momento presente de 192.558 pesetas."*

A Confraría estima que o Concello asumiu a responsabilidade da amortización e prégalle que se manifeste ao respecto.

### 20 de Setembro do 1962

O Concello de Bueu dirixide unha instancia ao ISM solicitando a cesión gratuíta do edificio Capela-Escola, en base a que a cargo, do Concello correran os gastos de habilitar as escolas e a capela e todo o mantemento e conservación, dende que se puxera en marcha. Ademais, o Concello aportara gratis os terreos tanto para a Capela- Escola como para as vivendas, e comprometéndose a crear outra escola máis de Orientación Marítima, e dedicalo sempre a mesma finalidade.



[Continuará]

## O "PATRONATO SAN JOSÉ" CAPELA – ESCOLA SAN XOSÉ

Por Manuel Aldao Portas



### 10 de Xaneiro de 1963

Transcribimos a resposta do ISM:


*"De conformidade con lo acordado en la sesión de la Ponencia de Viviendas, celebrada el 11 de los corrientes, y en contestación a su oficio de 19 de Noviembre anterior al que acompaña instancia del Alcalde Presidente del Excmo. Ayuntamiento de BUEU (Pontevedra) le significo que no se puede acceder a la petición del Ayuntamiento aludido, por carecer de fondos este Organismo en presupuesto, para cargar sobre los mismos la amortización de este edificio social, por lo que queda, desde luego, subsistente la obligación de la Cofradía de abonar las cuotas de amortización a razón de 2.406 pts. mensuales desde la entrega del grupo hasta la fecha, sin perjuicio de los acuerdos a que puedan llegar la Cofradía con el Ayuntamiento de BUEU, que, al parecer, es de hecho, el beneficiario de este edificio social.*

*El Instituto Social estima ha contribuido con la financiación de la construcción del edificio Escuela-Capilla y tanto la amortización del edificio como la obra social cultural y de asistencia religiosa son de cargo de la Cofradía, y en su caso del Ayuntamiento.*

*Lo que le comunico para su traslado a la Cofradía y Ayuntamiento de BUEU"*

Despois desta resposta non atopamos constancia de que a Confraría nin o Concello, abonasen as cantidades reclamadas polo ISM, nótase en cambio unha actitude por parte deste Organismo, de consolidar a súa propiedade sobre o edificio escola-capela e resto do terreo incluído no recinto, que cerca e coloca portais, pero nunca houbo impedimentos para desenvolver na Capela as actividades relixiosas.

### Ano 1973



Xa trasladada a escola primaria de Orientación Marítima de D. Manuel Aboy, ao Grupo Escolar da Pedra, o ISM establece nestas aulas, a Escola de Formación Profesional Náutico Pesqueira de Primeiro Grado, baixo a dirección do capitán da Mariña Mercante D. Manuel Freire Lino, cargo que ocupa ata o ano 1994. que o substitúe D. Juan Luis Pedrosa Fernández.

Con esta Escola de Formación Profesional, agás da Capela, o ISM ocupa todo o edificio,

e pasados uns anos de funcionamento, houbo de construírse unha nova edificación, colateral e illada da orixinal, para habilitar dúas aulas máis.

Na actualidade, nunha simbiose de ISM da e Ministerio de Educación, esta Escola de Formación Profesional Marítimo Pesqueira, segue a funcionar capitaneada por por Dona María Teresa Caneda Friñanes, imparte cursos homologados de:

- Formación Básicas
- Básico, de Buques de Pasaje
- Buques Ro - Ro de Pasaje
- Mariñeiro de Ponte
- Mariñeiro de Máquinas

## Patrón Portuario

### Ano 1994


Por disensións co Sr. Cura Párroco de Bueu, naquel entonces, D. Ramón Beiro Formoso, D. José Pena apartase da Capela, e partires destas datas, por falta de coadxutores, os servizos da capela, con misa só sábados e domingos, son atendidos polo correspondente cura párroco de San Martiño de Bueu.

### 18 de Novembro de 1998

Nestas datas, o Instituto Social da Mariña, unilateralmente, decide proceder a reformas no edificio, que afectaban incluso a Capela. Pretendían reducila en aproximadamente 40 m<sup>2</sup> na zona da entrada, para dotar as aulas de ambos lados, dun paso de comunicación interior e habilitar uns urinarios .

O Párroco de San Martiño de Bueu D. Ramón Beiro Formoso, apoiado polo Consello Parroquial, opúxose a que se realizasen estas obras. Finalmente a capela non foi afectada polos cambios.

Non podemos cerrar esta recompilación de datos sen un recoñecemento de respecto e agradecemento para toda esa xente, que durante 50 anos, mantivo a ilusión e loitou ata logralo, por conseguir ese obxectivo, que hoxe é un feito, ter en Bueu unha escola de formación mariñeira que en vida paralela cunha capela comparten determinado espazo.



### Fontes de datos:

- Arquivo Municipal
- Arquivo Parroquial
- Arquivo Massó
- acidras.blogspot.com
- "Reconocer Bueu".- José María, Estévez

Como colofón, amosamos o pergamiño que o "Patronato San José" encargou ao o pendolista Fernando Oliveira. A primeira intención era plasmalo nunha placa de bronce, pero xa as arcas estaban valeiras e o presuposto, neste material, subía das 6.000 pesetas.

[FIN]